

COMUNICADO OFICIAL REGRESO Á ACTIVIDADE

A Federación Galega de Balonmán presenta o protocolo aprobado de regreso á actividade “sen contacto” en consonancia coas directrices marcadas polo protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, que establece as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

Recordamos que este protocolo tan só será aplicable, tal e coma indica a regulación vixente, para o deporte federado de carácter autonómico, nunca para a volta á actividade de adestramentos ou competicións de ámbito nacional, que en teoría deben estar baixo a tutela da RFEBM e o Consello Superior de Deportes.

A Federación Galega de Balonmán, no cumprimento das súas competencias, está preparada para o comezo das competicións nas datas aprobadas pola Asemblea Xeral, á espera de que a regulación das administracións competentes o fixeran posible. Pero, debido á situación sanitaria actual e á ausencia de novidades en canto á premisa de “non contacto”, a vindeira semana convocarase á Comisión Delegada coa finalidade de propoñer alternativas ao calendario actual que permitan maiores garantías para os clubs e os xestores/as das instalacións nas que se practica o noso deporte.

A Federación Galega de Balonmán, pide máxima responsabilidade a todos/as os/as federados/as no que respecta ao cumprimento do protocolo de regreso á actividade, e fai especial fincapé na ausencia de contacto en calquera actividade que se realice. Estamos nunha situación complicada na que é moi difícil tomar decisións sen a información necesaria para que os pasos sexan en firme, polo

que non debemos arriscar para volver coas maiores garantías posibles. Por outra banda, queremos transmitir calma a todos os/as amantes do balonmán galego, xa que a Federación Galega de Balonmán traballará en dous escenarios:

- **Confiando na volta á competición**, trataremos de que os clubs e os xestores/as das instalacións dispoñan da información necesaria co tempo suficiente para garantir unha boa preparación.
- **Propoñendo alternativas** á modalidade de contacto para que mentres sigamos neste estado de alarma sanitaria, a nosa actividade persista dalgún xeito que garanta a promoción do noso deporte e o goce de todos/as os/as que amamos o balonmán.

Por último, a Federación Galega de Balonmán quere amosar o seu total desacordo co baleiro existente na regulación que rodea ás competicións de ámbito nacional desta e doutras modalidades deportivas de contacto, que actualmente están en activo. Todo isto provoca unha diferenciación inexplicable coas competicións autonómicas, ademais da ausencia de información e protocolos que provocan desigualdade e maior inseguridade sanitaria. Pensamos que non se trata de quen ten a culpa, trátase de que non se produzan contaxios, e de habelos que sexan dun xeito controlado; e ata o que podemos comprender o ámbito nacional é máis incontrolable que o ámbito autonómico, provincial ou local. **A Federación Galega de Balonmán pide unificación de criterios, consenso, diálogo, traballo en equipo e ambición para saír desta situación do mellor xeito posible e canto antes**, que, por outra banda, son algúns dos valores máis significativos do deporte.

A Xunta Directiva da Federación Galega de Balonmán

Vigo, 22 de xullo de 2020